



MODELO PEDAGÓGICO COMPAÑÍA DE MARÍA NOSA SEÑORA

ÍNDICE

Presentación

1. Introducción
2. Na raíz: Xoana de Lestonnac
3. Obxectivo do Modelo Pedagóxico
4. Conceptualización Pedagóxica do Modelo ODN: A Educación Personalizada
 - 4.1. O Modelo de Aprendizaxe Personalizada
 - 4.2. Estilo Educativo Personalizador
 - 4.3. Consecuencias derivadas de asumir a Educación Personalizada no Modelo Pedagóxico Compañía de María
 - 4.4. Roles dende a Educación Personalizada
 - 4.4.1. O Alumno
 - 4.4.1.1. Perfil de saída do alumno
 - 4.4.2. O Docente
 - 4.4.2.1. Plan de Formación para o docente
 - 4.4.3. A Comunidade Educativa
 - 4.4.3.1. Relación escola-familia
 - 4.4.4. As actividades extracurriculares e a relación co entorno
5. Principios, visión e valores
 - 5.1. Excelencia educativa
 - 5.2. Aprendizaxe significativa, global e holística
 - 5.2.1. Aulas abertas ao mundo
 - 5.3. Humanizar a educación
 - 5.3.1. A persoa: punto de partida da educación
 - 5.3.2. A Acción Titorial
 - 5.4. Avaliación Personalizada
 - 5.5. Equidade versus igualdade
 - 5.6. Desenvolvemento óptimo do talento do alumnado
 - 5.6.1. Centros educativos de desenvolvemento do talento
 - 5.6.2. Plans Persoais de Aprendizaxe
 - 5.7. Inclusión e Atención á diversidade
 - 5.7.1. Resposta á diversidade
 - Departamento de Orientación para a Atención á diversidade
 - 5.7.1.1. Agrupamento do alumnado
 - 5.7.1.2. Organización dos espazos
 - 5.7.1.3. Organización dos tempos
 - 5.7.1.4. Organización dos materiais e recursos didácticos

5.7.1.5. Flexibilidade Curricular

6. Píares Fundamentais do noso Modelo Pedagóxico

Consciencia de presente: aquí e agora

6.1. Educación Competencial

6.1.1. Uso responsable da Tecnoloxía da Información e a Comunicación (TIC)

6.2. Metodoloxías activas para aprender a aprender

6.2.1. Técnicas Didácticas centradas no alumno e o desenvolvemento das competencias

6.2.2. Aspectos fundamentais dalgunhas das metodoloxías activas utilizadas

6.2.2.1. Aprendizaxe Baseada en Proxectos (PBL)

6.2.2.2. Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP)

6.2.2.3. Aprendizaxe Baseada en Retos (ABR)

6.2.2.4. Aprendizaxe Cooperativa (AC): aprender a cooperar, cooperar para aprender

6.2.2.5. Traballo en Equipo

6.2.2.6. Aprendizaxe Baseada no Pensamento (TBL)

6.2.2.7. Labs de Aprendizaxe

6.2.2.8. Proxectos de Aprendizaxe-Servizo

6.2.2.9. Outras metodoloxías a considerar

7. Proxectos que se implantan nos Centros

7.1. Proxecto Lingüístico e Multilingüe

7.2. A Educación Emocional

7.3. Proposta Pastoral

7.3.1. Educación no sentido da Vida: Ed. na Fe, Ed. da Interioridade e Ed. para o Desenvolvemento Humano

7.4. Emprendemento e Presenza Social

Con máis de 400 anos de experiencia e vocación pola ensinanza e a educación, a Compañía de María segue dirixindo a súa atención cara aos cambios sociais e culturais co obxectivo de dar resposta ás demandas da sociedade actual e incidir no avance do mundo educativo, de forma consciente e comprometida coa sociedade e o alumnado.

Educación en clave Compañía de María supón coñecer a realidade cunha mirada profunda e honesta, con responsabilidade universal, achegándonos aos nosos contextos con compromiso e entrega. Coa vista posta no futuro, mais coa atención no presente, a Compañía de María traballa por un proxecto común onde o alumno é o foco de atención como máximo responsable e protagonista do seu proceso de aprendizaxe. Este, en todo momento, estará acompañado por un educador comprometido coa educación baseada nos valores do Evanxeo e no carisma de Xoana de Lestonnac. Un educador comprometido que transmite competencia, honestidade, creatividade e paixón pola aprendizaxe e a ensinanza.

Como Equipo de Titularidade da Provincia de España, redactar o Modelo Pedagóxico da Compañía de María permitiunos achegarnos de forma máis profunda ao carisma, ao ser e ao facer de Xoana de Lestonnac, unha muller valente que soñou e puxo en marcha un gran proxecto educativo. Xoana de Lestonnac, dende a súa serenidade, firmeza, tenrura e paixón pola educación, xunto con todos aqueles que seguiron os seus pasos, inspirou o noso traballo. Este está fundamentado no Proxecto Educativo Universal Compañía de María co degoiro e o obxectivo de *seguir educando na vida e para a vida*¹.

O presente documento pretende manter como signo de identidade o seu estilo e converterse nunha resposta ao momento histórico e educativo no que vivimos, para unir tradición e innovación, con interese por saber reler a vida, a sociedade e a educación. Co desexo de seguir *tendendo a man*² aspiramos a alumear o camiño de vida, de presente e de futuro, dos nosos alumnos e as súas familias. O noso propósito emana da profundidade e a crítica, a capacidade e o desexo de cambiar e evolucionar, cos pés na terra, pero coa mirada orientada cara ao futuro.

Queremos agradecer, dunha forma especial á Superiora Xeneral, M^a Rita Calvo Sanz e ao seu Equipo, así como ao grupo de Superiores Provinciais, a confianza cara ao noso bo facer e a nosa capacidade para asumir este gran reto. Tamén transmitir o noso agradecemento a todos os que, dunha forma ou doutra, colaboraron para que a formulación actual do Modelo Pedagóxico sexa hoxe unha realidade.

Equipo de Titularidade
Orde da Compañía de María Nosa Señora
Provincia de España


¹ Expresión acuñada por Miguel de Montaigne e tomada por Xoana de Lestonnac.

² Cf. Historia da Orde, Ediciones Lestonnac, Roma 2012, p. 82.

1. INTRODUCCIÓN

Tras unha profunda análise e reflexión pedagóxica sobre o momento educativo actual, a Compañía de María presenta o seu novo Modelo Pedagóxico para que poida ser coñecido e compartido en todos os seus colexios. Un Modelo que iniciado por Xoana de Lestonnac e enraizado na educación humanista cristiá que o configura, pon a persoa no centro do proceso educativo e atopa na Educación Personalizada o modo de levar a cabo unha mellora cualitativa na aprendizaxe dos alumnos. A riqueza que nos aportan as nosas Fontes e a súa vixencia ao longo de máis de 400 anos de historia axúdanos a ser conscientes da pertenza a un Proxecto arraigado no tempo para seguir vivindo con sentido e profundidade a nosa tarefa educativa, afrontándoa con realismo, responsabilidade e creatividade.

A **Educación Personalizada**, é hoxe unha concepción pedagóxica obxecto de rigorosas investigacións e experiencias, que pretende dar resposta a todas as dimensións do ser humano para que chegue a ser a mellor persoa posible. Esta concepción educativa anima a “traspasar o currículo” determinando que é importante, que debe aprender o alumno e como é o seu papel no proceso educativo. O Modelo Pedagóxico ciméntase no Proxecto Educativo Compañía de María que sempre favoreceu a educación integral da persoa, por medio dunha formación posibilitadora do desenvolvemento de competencias para que o alumno poida crecer e intervir nos diferentes ámbitos da vida: persoal, interpersonal, social e profesional.



A Educación Personalizada é unha concepción aberta ás distintas correntes, sistemas, métodos, técnicas, procedementos e investigacións na medida en que contribúan á formación da persoa na súa totalidade. Na súa vertente práctica, a flexibilidade da Educación Personalizada permite acadar os seus fins e obxectivos a través de camiños, medios e organizacións moi diversas, o que nos posibilita chegar ao obxectivo último cos medios ordinarios propios de cada centro educativo.

O Noso Modelo Pedagógico ten a capacidade de poder adaptarse aos grandes cambios que está vivindo o mundo educativo, apoiándose nunha estrutura escolar flexible e participativa que se afasta do relativismo, do aumento dunha busca da comodidade ou da diminución do esforzo, para evitar a despersonalización da educación.

A formulación pedagóxica e metodolóxica que se expón neste documento-guía, busca proporcionar ferramentas e recursos aos profesionais que diariamente educan nas nosas aulas para mellorar a práctica educativa, as competencias persoais e profesionais e a aprendizaxe dos alumnos. Impulsando habilidades, actitudes e valores, pretende responder tamén aos desafíos actuais que se presentan para seguir construíndo futuro.

A nosa proposta dá a man ao pasado, é acción viva no aquí e o agora e posúe unha ampla visión de futuro para ofrecer unha preparación completa aos alumnos. Dende unha fundamentación sólida e estable, á vez que flexible para dar resposta ás características específicas de cada realidade, a nosa liña de acción segue situando o alumno, máis ca nunca, no centro, como principal responsable e protagonista da súa aprendizaxe. As decisións educativas irán encamiñadas á busca do seu crecemento e empoderamento.

O Modelo Pedagógico Compañía de María busca a personalización e a equidade, promove a excelencia e ofrece os recursos necesarios para facilitar a cada estudante chegar tan lonxe, con tanta amplitude, capacidade e competencia como lle sexa posible. Procura que a vivencia educativa se converta nunha experiencia formativa de calidade, dando resposta aos desafíos e aspiracións que se presentan nun contexto global e local, actual e de futuro. O Noso Modelo baséase nun proceso de innovación e actualización pedagóxica constantes, sen perder o propio que o configura, situando sempre a persoa por riba das metodoloxías e os recursos e evitando a imitación e a superficialidade.

2. NA RAÍZ: XOANA DE LESTONNAC

Hai máis de 400 anos, en 1607, Xoana de Lestonnac fundou a primeira Orde relixiosa dedicada á educación da muller. Naquel momento revolucionou o mundo da educación e deixou, á sociedade e á igrexa, un legado pedagóxico vixente até a actualidade.

Xoana de Lestonnac, buscadora incansable da vontade de Deus, séntese convidada por El a “tender a man”³ a través da educación e a colaborar deste modo na súa acción salvadora. O seu xenuíno Proxecto Educativo é froito das súas ricas e fondas experiencias da vida e da influencia das correntes innovadoras da época: do humanismo de Miguel de Montaigne, o seu tío, do calvinismo na súa aposta ben organizada pola educación da muller e da Compañía de Xesús, que contaba cun sistema educativo estruturado e baseado nunha sólida espiritualidade.

O seu obxectivo é a educación da persoa en todas as súas dimensións, considerando a cada unha como única e irrepetible porque “todas non calzan o mesmo pé”⁴. Xunto á formación relixiosa, ética e moral, pretende potenciar o desenvolvemento intelectual, utilizando os recursos didácticos adecuados para conseguir “cabezas ben feitas máis ca ben cheas”⁵. Cre na eficacia da educación como “ben público”⁶ e motor de transformación social. O seu Proxecto inscríbese nunha pedagogía progresiva e personalizada, que busca a harmonía, unificación e globalidade⁷.

A maneira como concibe o mundo e a vida Miguel de Montaigne, considerado por algúns autores como precursor da Educación Personalizada, ten repercusións importantes na pedagogía de Xoana de Lestonnac: a mirada ampla e confiada á realidade, o carácter único de cada persoa, o valor da alegría, a necesidade de encontrarse consigo mesmo, a arte da conversación e a acollida a cada un coas súas diferenzas, o xuízo recto e o amor á verdade, unha verdade que se verifique na vida,... Son aspectos que Xoana de Lestonnac tamén refrenda e afonda na súa vivencia da Espiritualidade Ignaciana.

Xoana de Lestonnac conta dende o principio cunha Comunidade Educativa que é referente dos valores e virtudes nos que se quere educar. Busca a interrelación persoa-grupo e considera que “educa todo un ambiente”⁸, tamén os espazos, por iso os edificios “deben ser cómodos, proporcionados e ben dispostos por dentro”⁹.

³ A Historia da Orde, relata a experiencia fundacional da Compañía de María. Cf. HO., O.c., p. 82.

⁴ Cf. Documentos Fundacionais 1605-1638, ODN 1, Roma 1976, p. 73, nº 10. Xoana de Lestonnac recolle este principio de Miguel de Montaigne: “Ter en conta as diferenzas individuais nos procedimentos educativos”. Ensayos completos, 2ª edición, marzo 2005. Edic. Cátedra, Madrid. L.I, cap. XXVI, p. 185.

⁵ O contido desta expresión de Miguel de Montaigne é asumido por Santa Xoana. Ensayos, o.c., L.I, cap. XXVI, p. 185.

⁶ Expresión tomada da escola protestante, cf. Françoise Soury-Lavergne, Un camino de educación, Juana de Lestonnac, 1556-1640. Roma, 1984, p. 66.

⁷ A espiritualidade ignaciana e en concreto os Exercicios Espirituais de San Ignacio, vividos por Santa Xoana, inflúen decisivamente na pedagogía que plasma.

⁸ Cf. A Compañía de María, un proxecto de educación, 1998, p. 49-50.

⁹ Documentos Fundacionais, fórmula de los edificios. O.c., p. 153, nº 5.

Xoana de Lestonnac sabía que o Proxecto que o Señor lle inspirara, contiña nas súas entrañas o xerme da universalidade. Tamén que a flexibilidade e plasticidade que levaba dentro posibilitáballe enraizarse e dar resposta a cada contexto e a cada situación. Á súa morte, en 1640, puxéranse en marcha 30 centros educativos en diferentes lugares de Francia. O seu desexo: “quen tivera mil vidas para ir por todo o mundo”¹⁰ é hoxe unha realidade.

A capacidade para afrontar e superar dificultades, de abrir futuro e novos horizontes de posibilidade con entusiasmo e confianza, xunto ao desexo de mellora continua, “que se faga cada vez mellor”¹¹, caracterizaron a Santa Xoana ao longo da súa vida e marcaron a súa obra. As súas actitudes, talante e o seu desexo de innovación e perfeccionamento, seguen inspirando hoxe o quefacer diario de moitos educadores en todo o mundo para os que a tarefa de educar é Misión. Xoana de Lestonnac pídenos “estar á altura do noso nome: Compañía de María”¹². Para ela, María foi modelo e compañeira de camiño. María a muller capaz de facer espazo a Deus e de deixarse conducir polo dinamismo do seu Espírito, a Muller educadora do Fillo, dá nome propio e identidade ao noso Proxecto Educativo e segue sendo hoxe o noso referente no desexo de formar ao home e á muller novos, á maneira de ser e de facer de Xesucristo, capaces de tender a man a outros para vivir a fraternidade, a solidariedade e a comunión, creando estruturas alternativas que potencien a vida e, pouco a pouco, vaian xestando o Reinado de Deus. É a meta da nosa educación humanista cristiá.

Dende esta cosmovisión cristiá da persoa, da vida e do mundo e os principios pedagóxicos e filosóficos que fundamentan a nosa proposta educativa e pedagóxica, a Compañía de María, en diálogo con cada realidade, concrétaa e actualiza en cada momento histórico, sinalando uns acentos concretos.

A Compañía, na súa última Asemblea Xeral, segue afirmando que “o Proxecto Educativo, avaliado polo tempo e pola súa inculturación en diferentes contextos, leva dentro un potencial que é necesario desenvolver para responder con calidade a este momento histórico”¹³.

¹⁰ Cf. HO, o.c., 403.

¹¹ Documentos Fundacionais, fórmula de las clases. O, c., p. 142, nº1.

¹² HO, o.c., p. 292.

¹³ IX Asamblea General, Orden de la Compañía de María Nuestra Señora. Valle de Bravo, México. Documento final, nº 5.

3. OBXECTIVOS DO MODELO PEDAGÓXICO

Obxectivo xeral:

Definir a exposición pedagóxica e metodolóxica da Compañía de María.

Obxectivos específicos:

- ❖ Especificar as características xerais que definen a nosa visión educativa.
- ❖ Describir os piares do Modelo Pedagógico con base no Proxecto Educativo da Compañía de María.
- ❖ Plasmar que entendemos hoxe por Educación Personalizada e definir os novos roles dos integrantes da Comunidade Educativa: alumnado, profesorado e familias.
- ❖ Explicitar os compoñentes metodolóxicos prescriptivos e orientativos do proceso aprendizaxe-ensinanza.

4. CONCEPTUALIZACIÓN PEDAGÓGICA DO MODELO ODN: EDUCACIÓN PERSONALIZADA

Para facer fronte aos desafíos educativos do séc. XXI e seguir ofrecendo unha resposta personalizada ás necesidades e diversidade do alumnado, faise indispensable redefinir, á luz de hoxe, os obxectivos educativos que permiten que cada alumno se converta no máximo protagonista da súa aprendizaxe. Isto implica cambios que afectan a toda a Comunidade Educativa.

A escola, lugar de aprendizaxe e non só de ensinanza, ha de facilitar ao alumno os saberes, as ferramentas e as actitudes necesarias para a súa vida actual e futura, coas que poida construír coñecemento e participar activamente na mellora da sociedade creando vínculos coa súa realidade. A flexibilización curricular e a introdución de novos métodos e recursos educativos personalizadores permiten o avance e o máximo desenvolvemento das súas potencialidades.

A formación integral foi sempre a clave da educación ofrecida pola Compañía de María, unha formación que busca a harmonía e o equilibrio en todas as dimensións que conforman á persoa. A relación entre o alumno e o profesor fortalécese a partir de deseños que buscan a consonancia entre os retos e os modelos, entre os materiais e as avaliacións, promovendo e facilitando o desenvolvemento persoal e social a partir das actividades onde os alumnos asuman responsabilidades e tomen decisións. Neste proceso adquire un papel fundamental o contexto e as interaccións que se producen entre os diferentes axentes educativos para favorecer a colaboración, a boa convivencia e a integración de todos os membros da Comunidade Educativa. O alumno é acompañado por un docente comprometido que se converte en axente de cambio, motivador, guía e acompañante, que coñece e respecta o ritmo persoal de cada estudante, atende as súas necesidades e axuda a fortalecer e desenvolver as súas capacidades. A relación que mantén con cada un deles está baseada na confianza e o respecto mutuo. O coñecemento constrúese por descubrimento de forma significativa, dialogada e auto xenerativa.

O desafío do Modelo Pedagógico é concretar como a Educación Personalizada favorece o desenvolvemento persoal e escolar de todos os alumnos porque “todos non calzan o mesmo pé”. Mediante esta Educación pódense valorar todos os elementos da aprendizaxe que afectan aos principios fundamentais, aspectos e dimensións da persoa. A Educación Personalizada diferénciase de:

- *A Educación Individualizada* centrada exclusivamente na singularidade de cada estudante, co perigo de fomentar o seu individualismo e reducir o intercambio cos seus semellantes. Nesta, as metas da aprendizaxe serían as mesmas para todos os discentes sen ter en conta as súas distintas necesidades e motivacións educativas. Céntrase na ensinanza e non na aprendizaxe, adaptando o currículo e non axustándoo. Homoxeneiza os resultados e guíase polas necesidades do currículo e non polas dos educandos. O docente basea o seu traballo na instrución a un alumno en particular e o alumno en prestar atención ao profesor esforzándose para seguir as súas instrucións, memorizalas e reproducilas.
- *A Educación Diferenciada* que suxire a separación dos alumnos por grupos específicos onde non se parte das necesidades de cada estudante. Aumenta a posibilidade de crear escola que tende á

segregación, potencia a uns alumnos e esquece a outros. As metas son as mesmas para todo o alumnado, aínda que os métodos poden variar segundo as necesidades que se manifesten. O docente intenta axustarse aos niveis de aprendizaxe dos grupos e diseña a súa intervención a partir da elección dos recursos e a tecnoloxía para lograr as metas esperadas, e non das necesidades de cada estudante.

- O *Asesoramento o Acompañamento individual titorizado* que pode afastar ao alumno do seu grupo de referencia, privándoo da valiosa relación cos seus iguais e obstaculizando posibles sinerxias que puidesen dar resposta ás súas demandas.

A Educación Personalizada, en coherencia co Proxecto Educativo Compañía de María, é a concepción pedagóxica que ofrece máis oportunidades e permite estimular e desenvolver unha completa formación para todos os alumnos, conseguindo así a participación activa destes. Como concepción educativa, aspira a ofrecer unha cosmovisión do feito educativo. Esta non debe ser entendida como unha concepción hermética, senón que debe valorarse pola súa apertura a todas as correntes, investigacións, sistemas, métodos, técnicas, estratexias e procedimentos sempre e cando contribúa á formación total da persoa¹⁴. A conceptualización actual da Educación Personalizada ten como orixe unha perspectiva constructivista que avoga por unha construción significativa do coñecemento como resultado da interacción co medio, os demais e un mesmo. Engloba de forma poliédrica e holística todos os factores necesarios para conseguir o desenvolvemento integral de cada persoa. Entende a educación como o perfeccionamiento intencional das facultades humanas a partir dun estilo de educación centrado na persoa. A persoa é o fundamento da educación, a súa orixe e a súa meta¹⁵.

Segundo Bernardo, Javaloyes y Calderero:

“A necesidade de coñecer o que é a persoa, para ofrecer unha explicación profunda e última do proceso educativo, revela que a persoa é o fundamento da educación. Se a educación ten a súa orixe na persoa e ela é tamén a súa destinataria, se a educación é da persoa e para a persoa, hai que recoñecer que se sustenta e alicerza totalmente na mesma. A iso responde a educación personalizada¹⁶”.

Un sistema de aprendizaxe personalizada impulsa o proceso de personalización e socialización, recoñece e fomenta a singularidade, a sociabilidade, a orixinalidade e a autonomía de cada alumno para desenvolver ao máximo as súas potencialidades. Ten en conta os principios e dimensións da persoa mediante a actividade ben feita, consciente e libre e a convivencia cordial¹⁷ e cultiva todas as dimensións humanas (intelectiva, espiritual, corporal, afectiva, volitiva e a unidade de todas elas). Este proceso permite ao alumno realizarse de forma individual e social, ter conciencia de si mesmo, autorrealizarse, convivir cos demais asumindo pautas e valores compartidos co resto dos membros da comunidade. É un proceso educativo evolutivo, que permite a modificación da pedagogía, o

¹⁴ Bernardo, J. (coord.) (2011). Educación personalizada: principios, técnicas y recursos. Madrid: Síntesis


¹⁵ García Hoz, V. (1993). Introducción general a una pedagogía de la persona. En Tratado de la Educación Personalizada. Madrid: Rialp

¹⁶ Bernardo Carrasco, J., Javaloyes Soto, J.J., Calderero Hernández, J. F. “CÓMO PERSONALIZAR LA EDUCACIÓN. Una solución de futuro”. Prólogo: R. Pérez Juste. Narcea, S. A. de Ediciones. Madrid. (4ª ed.). 2014, páx. 9.

currículo e o entorno do estudante para adaptarse ás súas necesidades e aspiracións; para iso precísase de tempo e intercambio de significados. Os novos contidos adquiren sentido ao darse a relación entre o inédito e o coñecido, ao utilizar material con significado lóxico que se relaciona coa estrutura cognitiva do que aprende. As tarefas da aula adáptanse ás características persoais de cada integrante do grupo (idade, clase social e ambiente cultural, capacidade para procesar e organizar a información, etc.), provocando a curiosidade e o interese a partir de situacións e problemas novidosos. Os alumnos aprenden a observar e entender como funciona o mundo que lles rodea, adaptándose, interrogándose e buscando solucións aos problemas para superar os retos con perseverancia e valorando o erro como parte esencial da aprendizaxe. Durante este proceso ofrécenselle coñecementos, poténcianse competencias e habilidades adaptando o traballo aos ritmos, requisitos e predileccións, nun ámbito o máis colaborativo e interactivo posible. Isto supón unha oferta educativa relevante que evita a uniformidade, a homoxeneidade e a repetición.

En contraposición, fuxirase dunha aprendizaxe pouco significativa, mecánica e repetitiva, que non teña en conta as diferenzas dos estudantes respecto ás súas preferencias ou intereses, que imposibilite a adquisición de destrezas e habilidades que permitan aos alumnos aprender de forma autónoma. Este tipo de aprendizaxe leva ao alumno a acostumarse a responder a aquilo que cre que é válido para o profesor, repetindo ao pé da letra, sen entender que se lle cuestiona nin que responde e con períodos de retención da información moi breves. Porén, aprender significativamente posibilita que a aprendizaxe adquira relevancia para a experiencia persoal e escolar. Na aula darase importancia á autorregulación da aprendizaxe ao longo de todo o proceso para que o alumno poida darse de conta da eficacia ou non da estratexia elixida e utilizada.

Características da Proposta Educativa



4.1. O modelo de Aprendizaxe Personalizada

O alumno, ao recibir os estímulos, interrógase e faise preguntas que proceden da realidade e adquire o coñecemento tras un proceso reflexivo consistente na elaboración de datos ofrecidos por estes estímulos.

A aprendizaxe empeza a partir dunha actividade que supoña a formulación dun interrogante ou pregunta. O primeiro momento inclúe funcións como: analizar, comparar, organizar, deducir, etc.,

onde se utilizan a atención e a memoria. Posteriormente, o alumno é capaz de acadar un novo coñecemento transformando os estímulos recibidos a través do proceso elaborativo que ten lugar no interior do seu ser. Este novo coñecemento supón o enriquecemento interior da persoa e a fixación e memorización do aprendido. O coñecemento fixado queda almacenado para ser utilizado inmediata e posteriormente e pode ser expresado a partir dunha creación (expresión). Por último, esta expresión poderá realizarse de tres formas diferentes: verbal (expresión oral ou escrita), xestual ou práctica.



4.2. Estilo Educativo Personalizador

Un **estilo educativo personalizador** favorece:

- Un traballo máis activo e participativo nas aulas, que potencia a conciencia de presente: o aquí e o agora.
- Unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Unha modificación nos roles do alumno e do profesor. O protagonista da aprendizaxe pasa a ser o alumno e deixa de ser o docente.
- A valoración do coñecemento como factor clave para xerar valores e obxectivos acordes á realidade persoal e contextual de cada alumno.

Definición do Estilo Educativo personalizador

A Educación Personalizada define un Estilo Educativo Personalizador que se caracteriza por ser:

1. **Integrador e aberto:** une todos os elementos da realidade. A diferenza introdúcese como un elemento máis onde todo se complementa. Esta complementariedade é, por esencia, integradora. Impúlsase unha actitude de apertura cara ao outro, a realidade (natural, social e trascendente) que favoreza o desenvolvemento de todas as posibilidades de cada persoa.
2. **Reflexivo e crítico:** a reflexión ten un papel fundamental para dar un carácter humano á aprendizaxe. Poténcianse actividades para provocar a reflexión e promover o criterio persoal obxectivo. Esta reflexión permite:
 - Unha mirada real e completa cara ao interior.
 - Ter conciencia da propia vida descubrindo o seu sentido máis profundo.
 - Observar e valorar a realidade con criterio e opinión fundamentada.
 - Desenvolver o pensamento crítico.

3. **Singularizador e convivencial:** A despersonalización que caracteriza á sociedade actual pode ser contrarrestada na aula a partir da acollida de cada alumno, como persoa única e irrepetible, facendo que poida actuar por si mesma e reforzar a súa identidade e autonomía persoal.

Ao mesmo tempo, a nosa sociedade favorece un forte individualismo e fomenta personalidades pechadas en si. Por isto, outórgase unha importancia especial á vinculación da persoa coa Comunidade, impulsando a comunicación e a apertura como medio de relación. Búscase:

- A sinceridade no trato.
- O fomento da amizade e o compañeirismo.
- O tempo de calidade entre o docente e o alumno.
- Favorecer tanto un bo ambiente de traballo e convivencia como a adquisición de hábitos e rutinas.
- O traballo colaborativo entre todos os membros da Comunidade Educativa.

4. **Operante e creador:** O carácter práctico do estilo operante e creador conduce a educar promovendo e reforzando a creatividade de cada alumno. Refórzase a capacidade creativa que se estende a todas as manifestacións da vida: ciencia, arte, vida escolar, familiar, etc. Por iso:

- Óptase pola obra ben feita.
- Poténcianse estudos e actividades que faciliten a expresión.
- Estimúlase o traballo individual e o traballo grupal como medios de colaboración e convivencia.
- Créanse situacións onde os alumnos teñan a iniciativa, sempre acompañados polos seus profesores.

5. **Esixente e alegre:** A Educación Personalizada aspira ao traballo ben feito e a conduta ben vivida, que produce na persoa alegría, sabendo que o que paga a pena en ocasións exige esforzo. Descóbrese o sentido da vida como un ben persoal e común, desde o optimismo e a esperanza. Por este motivo, trabállase para:

- Recoñecer o que está ben e as súas causas, rectificando as cousas ou accións mal feitas.
- Potenciar as afeccións como fonte de alegría e intercambio.
- Diferenciar entre o necesario e o superfluo.

4.3. Consecuencias derivadas de asumir a Educación Personalizada no Modelo Pedagógico Compañía de María

Optar pola Educación Personalizada no noso Modelo Pedagógico supón:

- Atender a natureza humana entendida como a esencia do ser.

- Apostar por un enfoque activo da educación e unha personalización da aprendizaxe, favorecendo a equidade, a accesibilidade e a responsabilidade social. A escola debe ser medio que facilite ao alumno as ferramentas necesarias para adquirir a responsabilidade da súa propia vida e aprendizaxe.
- Ofrecer condicións para a descuberta da identidade, para que cada alumno descubra a súa singularidade potenciando a autonomía e a iniciativa persoal, o auto coñecemento e o desenvolvemento de hábitos de traballo, a liberdade, a reflexión e a dignidade.
- Desenvolver todas as dimensións da persoa: corporeidade, espiritualidade, afectividade, vontade ou intelixencia, así como o cultivo da individualidade e a socialización que fomentan o respecto cara a un mesmo e os demais, a partir da interiorización persoal, o diálogo e a participación.
- Adaptar o sistema ao alumno para que este creza tanto como poida facelo, dándolle a oportunidade de reflexionar e explorar as posibilidades que se lle presentan.
- Facilitar a súa apertura a outras realidades que enriquezan a súa capacidade de escoita, de comunicación e intercambio.
- Facilitar un modelo de ensinanza que promove a aprendizaxe significativa en lugar de memorística.
- Traballar en entornos creativos, dinámicos e estimulantes cognitivamente que favorecen o entusiasmo e a curiosidade intelectual dos alumnos.
- Optar por unha orientación do traballo a partir dun currículo personalizado e aberto con obxectivos e contidos acordes ás posibilidades de cada estudante.
- Potenciar hábitos de traballo intelectuais como o dominio das estratexias para aprender e pensar (capacidade para distinguir o importante do trivial, o real do aparente, o permanente do cambiante) e unha aprendizaxe metacognitiva que permite a autorregulación e autocontrol ao longo do proceso.
- Considerar como fonte de contido diferentes medios ou recursos para a busca de nova información e instrución, non só o docente ou os libros de texto, e valorar metodoloxías e ferramentas que permitan o perfeccionamento das facultades de cada alumno e a súa apertura ao mundo.
- Priorizar a formación ética que implica formar a capacidade de criterio propio, o esforzo para superar dificultades e a formación intelectual como elementos imprescindibles, incluíndo a disciplina, a constancia, a atención, a capacidade de síntese, o espírito crítico, os hábitos, a claridade de expresión e as relacións sociais.


- Optar por unha avaliación continua, entendida como o seguimento permanente aos estudantes para coñecer o seu desenvolvemento, as súas potencialidades e dificultades e readaptar a instrución, centrándose na capacidade e motivación e non no rendemento.
- Promover a participación activa da familia na vida escolar e no desenvolvemento do alumno.
- Conseguir que o proceso de enriquecemento persoal vaia unido á satisfacción polo traballo ben feito.
- Ofrecer unha educación cristiá que fomente o encontro coa persoa de Jesús de Nazaret e o compromiso na construción do Reino de Deus.

En resumo, a concepción pedagóxica pola que optan os centros da Compañía de María é a Educación Personalizada porque entronca co noso Proxecto Educativo e o seu amplo enfoque proporciona vantaxes en relación, non só co coñecemento e a atención do alumnado, senón tamén en relación co traballo personalizador do docente e coa posibilidade do uso de recursos, metodoloxías e estratexias de ensinanza que permitan personalizar a educación.

4.4. Roles dende a Educación personalizada

Alumno: Escola, Familia e Sociedade

O Modelo Pedagóxico baséase nun triángulo onde o alumno se sitúa no centro e a escola e a familia traballan en sintonía, por un proxecto común, nun contexto social amplo e determinado. Nel, as relacións baseadas na confianza mutua marcan un proceso continuo e estimulante que permite o crecemento, a interrelación, o diálogo e o traballo conxunto.



4.4.1 O Alumno

A Educación Personalizada entende ao alumno como principio e resultado, porque este ten plenitude de dignidade. Está influenciado por factores (biolóxicos, sociais, técnicos, etc.) que lle condicionan e lle conforman, pero que están ao servizo do ser persoal. O alumno configúrase a través

de procesos educativos e, co paso do tempo, despregando as súas potencialidades e inquiredanzas para chegar a ser cada vez máis libre e responsable das súas accións”.

A Educación Personalizada cede o papel protagonista ao alumno e convérteo no máximo responsable da súa propia aprendizaxe. Como ser activo, involúcrase na súa totalidade no que fai e esfórzase para conseguir os seus obxectivos. O alumno, grazas ao traballo dentro e fóra da aula e á relación e acompañamento dos seus educadores, vai adquirindo autonomía e conciencia da súa aprendizaxe e do seu desenvolvemento persoal. Implicase no proceso e toma conciencia dos obxectivos e de como se conseguen. É capaz de recibir estímulo, xerar coñecemento, aceptar compromisos, facerse preguntas e buscar respostas tomando decisións. Poténciase a metacognición e a autorregulación do propio proceso de aprendizaxe que permiten planificar que estratexias deberán de se utilizar en cada situación, a aplicación das mesmas e o control do proceso de avaliación para detectar os erros e realizar transferencia a novas situacións.

Como ser social, relaciónase co medio e aprende de e cos seus iguais, acolle os consellos do profesorado e dos seus propios compañeiros e é capaz de transferir o aprendido dentro e fóra da aula. Neste proceso de crecemento persoal, un adecuado auto coñecemento e unha boa autoestima convértese na base para que este desenvolvemento integral sexa posible.

O alumno, nos colexios da Compañía de María, edúcase para ser unha persoa:

- Única e irrepitible, con infinitas posibilidades para aprender.
- Libre e autónoma.
- Posuidora de destrezas cognitivas e habilidades sociais e cívicas.
- Espiritual, con sentido de trascendencia.
- Intuitiva e creativa.
- Reflexiva e crítica, capaz de adaptarse e tomar decisións para resolver retos.
- Humilde, responsable e cooperativa.
- Prosocial, comprometida coa realidade para melloralas, solidaria coas persoas ou grupos sociais con maiores carencias ou en situacións de vulnerabilidade.
- Con identidade cosmopolita global.

Como estudante maniféstase como un alumno con:

- Interese por coñecer e aprender.
- Actitude aberta para harmonizar as cousas aparentemente opostas: vida interior-vida exterior, teoría-práctica, individualidade-sociabilización, traballo-ocio, etc.
- Capacidade para reflexionar sobre o desenvolvemento do propio traballo, valorando os obstáculos e autorregulando a propia actividade.
- Iniciativa e interese por expor as súas ideas e aprender a través do ensaio-erro.
- Unha visión estratéxica para traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir o que se propón.

Anímaselle para que chegue a ser capaz de:



- Ser responsable da súa aprendizaxe, asumindo con ilusión e responsabilidade os retos que se lle expoñen.
- Distinguir e expresar sentimentos, emocións, paixóns e motivacións.
- Mostrar flexibilidade e apertura ao cambio e á innovación motivado polo desexo de coñecer.
- Manexar e interpretar información complexa e utilizar adecuadamente os medios e os recursos, autorregulando a propia actividade.
- Saber traballar individualmente e en grupo para mellorar o mundo.
- Co-deseñar plans persoais de aprendizaxe conxuntamente co docente.
- Valorar os seus resultados de aprendizaxe e integralos no seu propio proceso cognitivo.

4.4.1.1. Perfil de saída do alumno

O establecemento dun perfil de saída ten como principal obxectivo que o alumno, cando complete o seu proceso formativo nos nosos centros, chegue a ser competente para a vida e estea preparado para actuar con responsabilidade ante o futuro, mostrando iniciativa e excelencia persoal. Este perfil de saída, expresado en forma de competencias xerais, adquire un carácter global que permite abordar as dimensións da persoa dunha maneira holística e non fragmentada. O carácter globalizador que marca o proceso de aprendizaxe e ensinanza debe estar relacionado cunha planificación que favoreza que o alumno desenvolva as competencias e adquira os recursos para poder responder aos retos que lle presente a vida no ámbito persoal, interpersonal, social e profesional.

Este perfil de saída guía e orienta todas as decisións educativas que se tomen no centro e na aula a partir da elección de estratexias metodolóxicas que preveñan, de maneira nuclear, a atención das características diferenciais de cada un.

O alumno, como líder da súa vida, descríbese como unha PERSOA:

1. *Optimista*: persoa alegre e realista, esperanzada, que goza co que fai e co contacto cos demais.
2. *Autónoma*: persoa coherente e unificada, que se coñece e asume as súas responsabilidades, dereitos e deberes.
3. *Proactiva*: persoa flexible, con identidade cosmopolita global, con capacidade de análise e coñecemento do entorno que sabe adaptarse ás novas situacións persoais, escolares, familiares e sociais.
4. *Emprendedora*: persoa creativa, con iniciativa persoal e capacidade para xestionar proxectos, resolver problemas en diferentes contextos, tomar decisións e levalas a cabo con responsabilidade.

5. *Competente*: persoa cunha solidez intelectual e moral, con capacidade para comunicarse en varias linguas, discriminar a información, xestionar o tempo, dominar as tecnoloxías da información e a comunicación de forma eficaz e responsable.
6. *Disciplinada*: persoa perseverante, con capacidade e paixón por aprender, con desexo de superación e de saír adiante, de asumir a crítica e os erros como oportunidade de aprendizaxe.
7. *Respectuosa*: persoa asertiva e íntegra, con destrezas comunicativas e habilidades sociais.
8. *Intelixente emocionalmente*: persoa con coñecemento, autoestima e capacidade autorreguladora que recoñece e xestiona as súas propias emocións e respecta as dos demais.
9. *Identificada con valores sociais e trascendentes*: persoa responsable e reflexiva, empática e solidaria, con espírito crítico e compromiso ético, aberta ao mundo e á transcendencia e con capacidade para vivir en comunidade buscando o ben común.
10. *Comprometida*: persoa altruista e xenerosa, con capacidade de servizo, que encontra en Xesús de Nazaret un sentido para a súa vida e descobre en María e Xoana de Lestonnac, modelos de compromiso e de realización humana e cristiá.

4.4.2 O Docente

“Ser educador Compañía de María é algo que va máis alá dunha función ou tarefa.

É un modo de acoller e transmitir a vida.

O educador é mediador, testemuña, capaz de escoitar e de se facer guía”

Proxecto Educativo (2011)

O educador do século XXI, nos centros Compañía de María, comprende e actúa nunha sociedade cunha realidade profundamente complexa e cambiante. Ten un papel fundamental na aula, pero pasa de ser o actor e expositor principal a orientador, guía e asesor do alumno, atendendo a formación completa del mesmo. Con profesionalidade e entrega, desenvolve competencias que lle permiten seleccionar e transmitir a información, xerar e enfrontarse a novos retos promovendo unha educación de calidade e facendo avanzar os alumnos cara ás metas previstas. O docente, dende un enfoque personalizador, educa e respéctase polo que é e non unicamente polo que fai.

O mestre tende a man e orienta, dende o coñecemento dos alumnos e as súas posibilidades, adaptándose as súas capacidades e necesidades e reforzando as súas inquiredanzas e fortalezas. Axúdalles a se abrir á realidade con liberdade para facer o ben e co obxectivo de ser mellores persoas afrecéndolle seguridade e realismo. Acepta e é sensible ás diferenzas individuais dos alumnos. Crea unha atmosfera na aula de respecto e comprensión e elabora propostas educativas acordes coa natureza de cada alumno.

A aprendizaxe convértese nunha experiencia persoal para cada alumno e nela, o mestre, como experto e no seu papel de líder influínte, guía e motiva no seu avance continuo establecendo obxectivos de forma conxunta e converténdose en mediador da aprendizaxe. O docente forma un binomio con cada alumno e realiza un seguimento personalizado durante todo o proceso. Utiliza os medios e os recursos necesarios para responder ás necesidades e ofrecer oportunidades de crecemento. O seu compromiso persoal, a súa capacidade comunicativa e a súa empatía cos alumnos lévano a ter unha actitude de axuda e servizo dende a sensibilidade, a tolerancia e o respecto en defensa do principio da equidade de oportunidades.

Así, o educador Compañía de María, caracterízase por ser unha persoa:

- Auténtica e empática.
- Bo profesional e competente: non só transmite coñecemento senón tamén valores. É referente na construción da identidade do alumno.
- Con boa autoestima, autoconcepto e capacidade para o autocontrol e a autorreflexión.
- Flexible, comprometida, competente, en permanente formación e mellora, que traballa por desenvolver a curiosidade e a capacidade de razoamento do alumno.
- Entusiasta, proactiva e comunicativa.
- Exigente, organizada e sistemática para alcanzar os obxectivos propostos e conducir os seus alumnos e a ela mesma ao éxito e a excelencia.
- Visionaria, realista e perseverante.
- Con habilidades emocionais e sociais que lle permiten responder ás necesidades dos alumnos e ás que lle exige a sociedade.
- Con sentido de trascendencia e respectuosa coas crenzas.
- Que coida a súa vida e a dos demais, de maneira que mereza a pena ser vivida.

É un profesional que posúe:

- Fe no propio traballo e no de cada un dos seus alumnos.
- Autoridade moral e profesional.
- Aptitudes persoais para facilitar a aprendizaxe: comprométese e toma decisións con responsabilidade e competencia.
- Capacidade para compartir os coñecementos de forma ordenada e sistemática, con interese pola ensinanza e as materias que imparte.
- Actitude de escoita e boa comunicación para achegarse aos membros da Comunidade Educativa e establecer unha interacción baseada na confianza, o optimismo, a escoita atenta e sincera.
- Capacidade para traballar e cooperar cos compañeiros e compartir o que sabe e aprende.
- Coñecementos para se enfrontar ás novas situacións sociais e tecnolóxicas, sen temor e de forma innovadora.

Na súa actuación o docente:



- Coñece o alumno, realiza un seguimento personalizado e establece unha relación de colaboración continua coa familia.
- Sabe a onde se dirixe, abrindo o camiño e invitando o alumno a explorar, a se facer preguntas e a compartir ideas que promovan a educación integral.
- Fomenta o respecto e valora o esforzo, non tanto o éxito. Aprecia os acertos e acepta os erros valorándoos como unha fonte de aprendizaxe.
- Respecta e motiva a iniciativa e a creatividade do alumno a partir de diferentes camiños e experiencias de aprendizaxe.
- Potencia a reflexión, a conciencia crítica, a participación e a posibilidade de aproveitar os avances tecnolóxicos para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Busca coherencia entre o Proxecto Educativo e a práctica educativa. Desenvolve as súas funcións e asume os cometidos que lle corresponden.
- Crea unha atmosfera de comprensión e respecto na aula baseada no diálogo, a participación e a interiorización persoal.
- Outorga importancia ao que ensina e a como o ensina, promovendo hábitos intelectuais nos seus alumnos, sabendo con que medios conta (materiais e técnicas de ensinanza) e a onde quere chegar.
- Potencia o desenvolvemento do pensamento crítico, creativo e a resolución de problemas. Acompaña os alumnos a se adaptar aos cambios no seu proceso de aprendizaxe para superar as dificultades.
- Asume os seus desacertos como fonte de aprendizaxe, potencia a reflexión sobre si mesmo e o xuízo crítico.
- Actualízase constantemente nos coñecementos e habilidades. Busca a innovación, establece os propósitos e as competencias que desexa conseguir con cada alumno ao utilizar técnicas activas e participativas que promovan a aprendizaxe significativa e próxima á realidade.
- Sabe traballar en equipo e fomenta o traballo cooperativo e en grupo, cara a dentro e cara a fóra da escola.
- Actúa dende un sentido de xusticia eco-social.
- Con Identidade Cosmopolita Global, é unha persoa con retos, que dialoga co mundo, contextualiza o proceso de ensinanza-aprendizaxe nos contextos sociais-históricos que vive, a nivel local e global.
- Facilita e potencia a relación entre o profesorado e as familias.
- Educa para o compromiso social e a cidadanía activa.

4.4.1.2. Plan de Formación para o docente

A calidade dos mellores centros educativos está ligada inexorablemente á selección dos candidatos idóneos para o exercicio docente e ao acompañamento na súa formación permanente. Nos nosos colexios apóiase ao profesorado no desenvolvemento profesional, de forma individual e grupal, a partir de propostas formativas vinculadas ás necesidades reais dos docentes no seu traballo diario, nas que se fomenta o traballo en equipo, a reflexión e a participación. Esta oferta formativa convértese nun punto clave para que o corpo docente poida adaptarse aos cambios que a realidade e o sistema educativo impón, de forma continua e exixente, coa introdución de ferramentas e novos

modos de pensar acerca da ensinanza e a aprendizaxe. A partir dunha formación de calidade, o mestre adquirirá coñecementos, competencias e habilidades que lle permitan mellorar as técnicas e metodoloxías didácticas que utilizará na aula para responder ás necesidades do alumno, da sociedade e do mundo laboral.

4.4.3 A Comunidade Educativa

A Comunidade Educativa, a través dun traballo conxunto e complementario, fai posible o desenvolvemento e implementación do Modelo Pedagóxico nos centros educativos. Esta Comunidade Educativa constrúese dende a acollida respectuosa a todos os seus membros e á aportación específica de cada un, a través do fomento da cultura participativa, o diálogo e a comunicación, facendo así do Proxecto Educativo Compañía de María un proxecto común compartido. O traballo en equipo, as relacións de axuda e a implicación responsable de todas as persoas que levan a cabo a tarefa educativa, evidencian que a educación é tarefa de todos, non educa unha persoa illada senón todo un ambiente¹⁸.

A Compañía de María cre nunha escola aberta e activa. A apertura aos diferentes membros da Comunidade Educativa e á realidade do noso mundo, dálle un carácter dinámico e impúlsao a buscar respostas novas que incidan na mellora da calidade educativa e da sociedade.



4.4.1.3. Relación escola-familia

A familia, como primeira educadora dos seus fillos, estará implicada activamente no seu proceso

¹⁸ Cf. La Compañía de María, un proyecto de educación, o.c., p. 49-50

educativo. Alentárase a súa participación na vida escolar potenciando a relación colaborativa e dando canle a aquelas iniciativas que favorezan unha comunicación adecuada e fluída.

O Centro ofrecerá ás familias diferentes posibilidades de formación na liña do Proxecto Educativo e do Modelo Pedagóxico, como axuda na educación dos seus fillos e para que os valores que se desexan transmitir e vivir poidan ser levados tamén a outros ámbitos de actuación persoal e profesional.¹⁹

Búscase potenciar:

- O establecemento de obxectivos comúns familia-titor, que se irán revisando periodicamente.
- A avaliación continua e conxunta cos pais de todo o proceso educativo que permita valorar os logros e introducir as melloras necesarias que beneficien o desenvolvemento harmónico.
- O intercambio de información en entrevistas persoais e grupais (a través das tecnoloxías da información e a comunicación) que busque propostas de mellora.
- Encontros formativos en relación coa vida académica e sobre a convivencia dos alumnos.
- Encontros e actividades que favorezan as relacións abertas e cordiais entre os membros da Comunidade: presentacións de proxectos, xornadas, convivencias, graduacións, festas e celebracións propias da Compañía.

4.4.4 As actividades extracurriculares e a relación co entorno

Educar de forma personalizada supón coñecer e atender a cada alumno en todas as súas dimensións. Con este obxectivo, os Centros Compañía de María ofertarán unha variedade de actividades extracurriculares onde cada un, libremente, estea convidado a participar: compartir a fe, cultivar o sentido artístico, incentivar a capacidade de crear e investigar, favorecer o goce e o coidado da natureza, practicar deporte, entrar en contacto con outras realidades...²⁰

¹⁹ Cf. Proyecto Educativo Compañía de María. 2011, p. 15

²⁰ Cfr. Proyecto Educativo Compañía de María. 2011, p. 10

5. PRINCIPIOS, VISIÓN E VALORES

“Non educa unha persoa illada, senón que é todo un ambiente o que educa”

Proxecto Educación (1998)

A nosa perspectiva e prácticas de aprendizaxe e ensinanza baséanse en elementos que ofrecen valor ao noso traballo e definen o estilo educativo, o cal permite a promoción da excelencia educativa, a innovación e a atención á diversidade.



5.1. Excelencia educativa

O Modelo Pedagóxico engloba de forma poliédrica e holística todos os factores necesarios para conseguir a excelencia e a eficiencia de cada un dos procesos que conforman a tarefa educativa. A mellora continua conséguese a partir da procura da integridade e a coherencia en todo o que facemos, a través dun proxecto ben definido, en constante proceso de apertura e renovación. É fundamental implicar a todos os membros da Comunidade a partir da especificación dos obxectivos, os medios que deberían utilizarse e os resultados que se pretenden conseguir. Os cambios pedagóxicos e metodolóxicos que se incorporan nos nosos colexios poñen de manifesto o esforzo por desenvolver unha educación de calidade que permita que cada alumno obteña o máximo rendemento acorde coas súas capacidades e intereses.


5.2. Aprendizaxe significativa, global e holística

Apóstase por un aprendizaxe significativa, global e holística que permita ao alumno atribuír sentido ao que está aprendendo para que sexa perdurable no tempo e dispoña dos recursos necesarios para

actuar competentemente ao longo de toda a vida. Considérase que o coñecemento é o factor clave para xerar valores acordes coa realidade porque o cambio, as transformacións constantes na sociedade, así como o volume de información e os saberes informais exigen entender que a escola xa non é a única fonte de información e, por iso, os centros educativos deben abrirse ao mundo e transformarse en centros de aprendizaxe e non só de ensinanza, impulsando a participación activa do alumnado.

Nos nosos colexios afrécese todo tipo de experiencias reais ou simuladas, pero sempre contextualizadas, que permiten atender os intereses, as habilidades e os estilos de aprendizaxe do alumnado para favorecer a construción significativa do coñecemento. Priorízase e dáse resposta a un dos alicerces da filosofía do Proxecto Educativo ODN: “Cabezas ben feitas máis ca ben cheas”²¹.

Poténciase o interese por aprender a partir dunha aprendizaxe autónoma e auto dirixida, a profundización e a creación de retos que leven a potenciar o pensamento diverxente e a creatividade, co fin de evitar a falta de interese ou a desmotivación. As actividades convértense en medios para propiciar o desenvolvemento das capacidades dos estudantes e a promoción de valores e transfórmanse nun elemento fundamental da aprendizaxe. Estas propostas deben estar ben:



Non se trata de actividades inconexas, senón relacionadas entre si, que se complementan mutuamente. Máis alá da transmisión de contidos, favorécese o desenvolvemento da interioridade (ser), das capacidades (saber), das habilidades (saber facer) e das motivacións (querer facer), á vez que se estimula a formación dun pensamento reflexivo, aberto e solidario con procedementos que levan á auto interrogación e a xeneralización. Os alumnos aprenden estratexias para mellorar e xestionar a súa aprendizaxe de forma eficaz e autónoma ao descubrir o *que*, o *como*, o *porque* e o *para que* dunha tarefa.

²¹ Cfr. Proyecto Educativo Compañía de María. 2011, p. 18

5.2.1. Aulas abertas ao mundo

As aulas son espazos de traballo dinámicos e constructivos, onde se promove o diálogo e a crítica, constrúese coñecemento e apréndese conxuntamente a partir do debate, a investigación, a experimentación e a vivencia de experiencias significativas. Nelas xérase un clima altamente motivador que aumenta a curiosidade e o rendemento dos alumnos. Son aulas abertas ao mundo, á realidade máis próxima e á vida de cada centro, que permiten o intercambio entre todos os membros da Comunidade Educativa.

O mestre non é responsable dunha única clase, senón que observa e participa na xestión das aulas doutros docentes (*team teaching*). Esta apertura e intercambio proporciona un feedback mutuo nun clima de confidencialidade e respecto. O debate sobre a observación, a xestión e as metodoloxías da clase supón a mellora profesional e facilita o intercambio de maneiras de actuar e educar. Este traballo conxunto favorece o empoderamento dos equipos docentes cara a unha práctica profesional compartida e en mellora continua, ademais do desempeño dunha oferta de actividades diversificadas e a mellora do coñecemento dos alumnos.

En ocasións, as clases poden transformarse en *aulas-materias*: espazos destinados a impartir unha materia concreta (inglés, plástica, tecnoloxía, etc.). Esta opción permite que se dispoña de espazos fixos destinados a actividades específicas, con recursos educativos óptimos que faciliten o desenvolvemento do currículo desa materia.

5.3. Humanizar a educación

5.3.1. A persoa: punto de partida da educación

O centro emisor e receptor de todo o dinamismo educativo do Proxecto Educativo e o Modelo Pedagóxico Compañía de María é a persoa. Esta persoa debe entenderse como un ser único e irrepitible polas circunstancias que a envolven, orixinal na súa singularidade, con identidade propia, capaz de se situar na realidade e intervir nela. O seu desenvolvemento intrapersonal e interpersonal reverte nunha mellor disposición para a aprendizaxe. Por iso, *humanizar a educación* convértese nun dos nosos grandes obxectivos e compromisos. Dende a apertura, a contextualización e un espírito universal e adaptativo, a nosa responsabilidade é acoller o avance tecnolóxico para aprender a se beneficiar del. Debemos poñelo ao servizo do alumno para o seu desenvolvemento emocional, social, lóxico, racional, práctico, creativo e operativo, así como espiritual e ético que lle permita crecer como persoa.

Creemos nunha educación que comunique a necesidade do respecto polo ser, onde a persoa sexa máis ca un saber facer, dende a súa singularidade (integridade persoal) e a súa orixinalidade (como ser único e irrepitible). A persoa é a orixe de toda actividade e non o seu resultado, con capacidade de actuación, elección e autonomía para construír o seu proxecto de vida. Convértese en obxectivo axudar a tomar conciencia ao alumno da superioridade da persoa fronte aos medios, priorizando a parte humana por riba da técnica. Somos conscientes de que a tecnoloxía substituirá o traballo que

actualmente realizan moitas persoas, pero as máquinas nunca poderán posuír características humanas como a empatía, a colaboración, a adaptación aos cambios inmediatos para a mellora continua, etc. A dimensión intelectual que se potencia no alumno supón ensinar a pensar a través da percepción e a atención, a reflexión e a memoria, a imaxinación e a creatividade, a expresión simbólica e a práctica traballando a capacidade de planificación, o comportamento e o control da conduta.

Por isto:

- Enfatízase o desenvolvemento da capacidade para localizar, organizar e avaliar a información, sabendo utilizala en beneficio propio e no ben dos demais, poñendo máis énfase no uso da información que na súa adquisición.
- Edúcase non para que os alumnos aprendan “profesións”, senón poñendo o foco na aprendizaxe de destrezas necesarias para o futuro.
- Poténciase unha ensinanza que rete á innovación e a creatividade a partir dun coñecemento sólido e o fomento da experimentación continua, así como o uso do pensamento indutivo e diverxente.
- Impúlsase a formación de criterios que provoquen a reflexión que dá carácter humano á aprendizaxe, dando a coñecer métodos para facilitar a reflexión e autovaloración das aprendizaxes.
- Foméntase a elección como posibilidade que permite ao alumno implicarse nas actividades e aumentar a súa motivación.

5.3.2. A Acción Titorial

Todos os nosos centros dispoñen dun Plan de Acción Titorial. Enténdese a función titorial como a acción que pretende optimizar ao máximo o proceso de aprendizaxe e o crecemento do alumnado a partir do seu acompañamento persoal e académico. Enténdese a función titorial como o acompañamento persoal e académico que pretende optimizar ao máximo o proceso de aprendizaxe e o crecemento do alumnado. Permite a confrontación e a autoavaliación continua para axudar o alumno no seu crecemento positivo e na súa integración no grupo, a partir dunha dinámica continua de auto aceptación e de tolerancia cara aos demais.

Cada alumno é titorizado por un docente-titor que se converte no referente que o alumno ten no seu día a día e é quen segue a evolución das súas aprendizaxes de forma personalizada. A partir das titorías individualizadas, así como das grupais, e da observación sistemática, o profesorado traballará por crear un ambiente na aula propicio para a aprendizaxe e as relacións interpersoais e evitará posibles problemas de convivencia. Durante o proceso de aprendizaxe e ensinanza, alumno e profesor reflexionarán conxuntamente sobre o traballo, establecerán obxectivos de aprendizaxe a partir de plans persoais e grupais. Ademais, potenciarase a co-titoría ou titoría entre iguais para fortalecer non só o seguimento entre alumnos e a axuda mutua senón tamén para a convivencia e o desenvolvemento persoal e social.

5.4. Avaliación Personalizada

O Modelo Pedagógico outorga un papel relevante á avaliación como compoñente regulador fundamental do proceso de aprendizaxe e ensinanza, e por iso desenvolve sistemas operativos e eficaces que sirvan de motor para iniciar novas aprendizaxes, remediar deficiencias e tomar decisións a tempo. Para isto, avaliaranse os distintos elementos que integran o proceso educativo: a aprendizaxe dos estudantes, o profesorado, os materiais, os centros educativos e a coherencia entre os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación. O alumno estará implicado activamente no proceso de avaliación ao compartir responsabilidades co mestre.

A avaliación planificarase afastándose de programas que a acrediten como unha cualificación, evitando etiquetar e optando por propostas avaliativas onde se apliquen estratexias adaptables aos diversos estilos de aprendizaxe. Na aula motivarase a autoavaliación (realizada polo propio alumno sobre os seus logros e proceso de aprendizaxe), a coavaliación (realizada entre iguais, motivando a interacción entre os alumnos) e a heteroavaliación (efectuada polo docente sobre o proceso de aprendizaxe e os logros do alumnado).

A avaliación, segundo a súa finalidade, terá diferentes modalidades e intencionalidades:

- a) *Avaliación Diagnóstica Personalizada ou Predictiva*: realizarase ao iniciar un período ou tema para realizar un diagnóstico do punto de partida e terá presente as características e capacidades persoais do alumno, os seus coñecementos previos e as súas experiencias e intereses para o facer partícipe das súas fortalezas e traballar en positivo sobre as súas debilidades. O seu obxectivo é valorar as posibilidades de cada alumno para progresar na súa aprendizaxe.
- b) *Avaliación Formativa e Formadora Personalizada*: levarase a cabo durante o proceso de aprendizaxe e ensinanza de forma continua e progresiva. Permitirá recoller información, valorar procesos, tomar decisións, realizar modificacións ou axustes para mellorar a aprendizaxe e ofrecer a axuda necesaria en cada momento e facilitar o feedback práctico e específico durante todo o proceso. A través das dificultades ou erros diagnosticaranse as necesidades e buscaranse os beneficios para os superar. O coñecemento procedente deste tipo de avaliación utilizarase constantemente para modelar a dirección e a práctica dentro do entorno de aprendizaxe.
- c) *A Avaliación Sumativa Personalizada ou de Rendementos*: comprobarase o grao e o nivel acadado (produto final) así como a eficacia dos instrumentos ao avaliar os rendementos, en relación cos obxectivos previstos e os resultados finais, a partir de procesos sistemáticos e periódicos con avaliacións de carácter cuantitativo e cualitativo.

Desde esta perspectiva e afastándose dunha avaliación que se centre exclusivamente nos logros finais, a avaliación non se limitará unicamente a comprobar resultados, senón que se convertirá no punto de partida para novas aprendizaxes onde o erro é aceptado e considerado. Empregaranse gran variedade de técnicas, instrumentos e estratexias que permitan recoller información sobre o

dominio dos contidos, a verificación da consecución das técnicas e as habilidades e as actitudes da aprendizaxe dos estudantes nas diferentes etapas do proceso educativo. Este traballo posibilitará adaptar a instrución e axudará a guiar os alumnos cara ao logro dos seus obxectivos. Entre elas destacamos: probas orais e escritas, procesos de observación, entrevistas e titorías, exposicións e debates, probas estandarizadas, probas de execución ou desempeño (portfolios ou diarios de aprendizaxe), resolución de problemas, mapas conceptuais, e outórgaselle un papel especial ás rúbricas pola posibilidade que ofrecen de valorar indicadores observables, e de establecer niveis e matices na súa consecución.

5.5. Equidade versus igualdade

A Compañía de María, desde o respecto á diversidade e a promoción da inclusividade, busca ofrecer unha proposta educativa que responda ás necesidades do alumno e permita o desenvolvemento das súas potencialidades, tanto dos que presentan máis dificultades como dos que posúen máis capacidades. Por isto óptase pola equidade máis que pola igualdade porque aquela permite dar a cada un o que necesita, en cada momento e en cada circunstancia, personalizando a súa educación.

5.6. Desenvolvemento óptimo do talento do alumnado

5.6.1. Centros educativos de desenvolvemento do talento

O futuro da nosa sociedade afiánzase na promoción da excelencia de todos os alumnos, cidadáns de hoxe e do mañá, capaces da construción dun mundo mellor. O desenvolvemento do talento require un clima familiar e académico que potencie a excelencia persoal e profesional de cada alumno e educador, dende un modelo personalizado e con programas de enriquecemento da intelixencia que os empodere e posibilite o desenvolvemento das capacidades e a creatividade. O talento, se non é adecuadamente estimulado, en ritmo e profundidade, conduce a un escaso ou nulo incremento do mesmo.

O Modelo aposta pola excelencia, o desenvolvemento cognitivo e afectivo óptimo do potencial e do talento de cada alumno dende unha perspectiva sistémica, entendéndoo como un abano de competencias, aptitudes e habilidades que deben crecer exponencialmente. Por iso, óptase por unha educación que se afaste dun modelo de reprodución do coñecemento (onde a aprendizaxe é pechada e pasiva) e inclínase por un modelo de desenvolvemento do talento (onde a aprendizaxe é aberta e activa) no que se potencian a curiosidade e a indagación, o facerse preguntas e o compartir ideas para chegar a formular as propias conclusións que levan a asumir retos e saír da zona de confort. Para que o talento poida desenvolverse, resulta fundamental que o profesorado sexa capaz de implementar programas que cultiven as capacidades do alumnado a partir da identificación das mesmas e que possibiliten a detección de carencias. Posteriormente, idearanse liñas de intervención a partir de Plans Personalizados para cada estudante e grupo. Nas diferentes materias e propostas ofreceranse múltiples e diversas oportunidades que poñan a proba o potencial coa fin de lograr unha aprendizaxe autónoma nun entorno de traballo cooperativo e con agrupacións flexibles, onde

se desenvolven destrezas de comunicación, colaboración e participación e o traballo xere implicación, liderado, motivación, pensamento crítico e creativo.

5.6.2. Plans Persoais de Aprendizaxe

Os alumnos, xunto co seu docente-titor, deseñarán *Plans Persoais de Aprendizaxe* nos que se ordenen os obxectivos que deben acadarse e as técnicas ou medios necesarios para configurar un programa de actividades adecuado ás características de cada estudante. O obxectivo final que se desexa conseguir é que o alumno sexa capaz de aplicar os coñecementos e as técnicas aprendidas ás situacións da vida real. Prepararase aos estudantes para aproveitar o máximo rendemento das súas capacidades ao afrontar retos elevados e desenvolver as fortalezas necesarias para afrontar as dificultades. Na nosa proposta, o valor do esforzo e da superación persoal considéranse cualidades fundamentais para acadar o logro e os obxectivos marcados a través dunha aprendizaxe significativa real.

5.7. Inclusión e atención á diversidade

“Ter en conta as diferenzas individuais nos procedementos educativos”

Ensaio Completos, 2005

Acoller a diversidade, en todos os seus sentidos e amplitudes, converteuse nun trazo fundamental nos nosos colexios. Esta é entendida como unha riqueza e unha oportunidade para aprender uns dos outros, ao potenciar a convivencia e o respecto mutuo de toda persoa que forme parte da Comunidade Educativa para fomentar o intercambio de iniciativas e decisións que nos levan a camiñar e cooperar xuntos. Por iso, nos nosos centros desaparecen as etiquetas e as diferenzas e son substituídas por plans altamente individualizados que inspiren sinerxias que permitan o desenvolvemento das capacidades persoais e que teñan en conta todos os factores non-cognitivos que inflúen na vontade para aprender: a curiosidade e o interese, a confianza, a persistencia ou a determinación.

Inspirados en Xoana de Lestonnac, quen sempre insistiu no respecto da diferenza, o mestre contemplará a heteroxeneidade de capacidades (entendidas dende un sentido máis amplo que o meramente académico) para proporcionar unha resposta que teña en conta a importancia do auto coñecemento persoal, as emocións, os sentimentos e as crenzas de cada alumno.

5.7.1. Resposta á diversidade

Traballárase para crear un ambiente educativo óptimo e favorable que estimule o rendemento, promova a cooperación entre os alumnos e manteña un nivel de reto adecuado que se acomode as súas necesidades cognitivas e sociais. O docente establecerá as condicións que permitan o desenvolvemento das actividades de forma apropiada, construtiva e diversa ao guiar o traballo e ofrecer a axuda necesaria para a consecución dos obxectivos persoais e académicos. Para o facer, en

moitos dos nosos colexios dispónse dun departamento de atención á diversidade que reforza esta tarefa.

Departamento de Orientación para a Atención á diversidade

O Departamento de Orientación é un órgano especializado que apoia o labor do centro e do conxunto do profesorado para asegurar unha formación integral do alumno e axuda a adaptar os procesos de ensinanza ás características e necesidades de cada un. Facilita a atención á diversidade e impulsa o desenvolvemento das capacidades e talentos de todos os estudantes, tanto se os alumnos teñen necesidades especiais coma se posúen alta capacidade. Ademais, participa na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional dos alumnos e colabora cos titores e co resto do profesorado e as familias.

5.7.1.1. Agrupamento do alumnado

Os criterios para a agrupación dos alumnos deberán ser flexibles para dar resposta ao obxectivo e ao tipo de actividade que se pretenda realizar. Potenciarase unha tipoloxía de agrupamento diversa: traballo individual ou por parellas, en gran grupo, en equipos fixos heteroxéneos, en grupos flexibles homoxéneos ou heteroxéneos, en equipos intra-clase e/ou entre-cursos por nivel de rendemento con alumnos de idades diversas (*Multiage classrooms*) que posibilitarán aos alumnos traballar ao nivel da súa capacidade, competencia ou rendemento en función das súas necesidades. Esta variedade de agrupamentos favorecerá o axuste curricular e a flexibilidade, así como a mellora da motivación, a creatividade e o interese pola aprendizaxe. Ademais, e como aspecto fundamental, facilitará o traballo de actitudes como o respecto, a tolerancia, a responsabilidade, a colaboración, o rigor, a perseverancia e a autonomía.

5.7.1.2. Organización dos espazos

O deseño e organización dos espazos educativos teñen efectos privilexiados sobre a educación xa que inflúen na aprendizaxe dos alumnos. Nos nosos colexios o espazo, a comodidade do mobiliario, a cor e a luz son priorizados pola súa influencia significativa no desenvolvemento e a eficacia das actividades. Optarase por espazos estimulantes, polivalentes, amplos, abertos e acolledores, que se adapten á natureza da tarefa a executar e que favorezan o traballo cualitativo e o desenvolvemento do currículo ademais dos hábitos de orde, a concentración, o intercambio e un adecuado clima de convivencia que posibilite o desenvolvemento individual e social dos estudantes. As novas formas organizativas que evitan estruturas de clase ríxidas, animarán o traballo en equipo e a adaptabilidade a distintas alternativas de traballo, así como a relación afectiva, positiva e enriquecedora entre o mestre e o alumno e entre iguais.

5.7.1.3. Organización dos tempos

Apostarase por unha distribución horaria flexible e adaptada ás necesidades metodolóxicas utilizadas. Optarase por unha organización que permita flexibilizar as propostas no horario escolar

ao servizo da aprendizaxe e das necesidades que aparezan na aula. O profesor será o encargado de xestionar o tempo diversificando as propostas en función dos niveis de capacidade, motivación, necesidades e intereses dos alumnos.

5.7.1.4. Organización dos materiais e os recursos didácticos

Realizarase unha selección dos materiais didácticos e os recursos en relación co contexto educativo e as características dos alumnos. Isto permitirá levar á práctica os obxectivos en relación cos criterios establecidos para dar resposta á diversidade concreta e real nos diferentes momentos de aprendizaxe e ensinanza, así como á planificación, a execución e a avaliación. Cando sexa posible, a selección de estratexias e recursos será xestionada e co-deseñada entre o docente e o alumno, dándolle voz e protagonismo ao estudante.

5.7.1.5. Flexibilidade Curricular

Dende un enfoque integrador, que promova unha aprendizaxe máis flexible, multinivel, aberta ao cambio e á modificación continua, o mestre acompañará a cada alumno na súa aprendizaxe significativa respectando ritmos e fases de desenvolvemento co fin de evitar a monotonía ou a perda de interese. Fuxirase dun currículo uniforme e idéntico en contido, velocidade e nivel de reto para permitir un axuste óptimo e unha aprendizaxe profunda, vivencial e creativa. Este enfoque facilitará a atención ás diferenzas e posibilitará que cada alumno poida seguir o seu propio itinerario a partir de programacións e modalidades de aprendizaxe a medida e acordes á súa progresión, capacidades e rendemento. O traballo que se realice na aula deberá estar adaptado tanto no seu contido coma na velocidade de presentación do mesmo. O ritmo no que se desenvolve o currículo adecuarase ás características de cada alumno (podendo ser fixado por el mesmo, *self-pacing*) ou ao ritmo do grupo (*group-pacing*). As modificacións en contido poden variar no grao de abstracción, na complexidade e na variedade.

As *Unidades de programación* son os documentos curriculares da aula que elabora cada docente para planificar as actividades de aprendizaxe, de ensinanza e de avaliación e dar resposta ás preguntas de para que, que, como e cando se ensina e se avalía, o cal sitúa ao alumno no centro do proceso. Optando pola conectividade do contido e a personalización curricular, avaliarase o progreso de cada alumno para flexibilizar as dinámicas que se desenvolverán na aula. As unidades de programación serán flexibles, adaptándose así ás diferentes necesidades que vaian xurdindo no proceso de aprendizaxe do alumno.

6. PIARES FUNDAMENTAIS DO NOSO MODELO PEDAGÓXICO

Consciencia de presente: aquí e agora

O noso Modelo Pedagóxico é un proxecto centrado no presente, no aquí e o agora, un proxecto que quere ser presenza viva no noso tempo. Dende a acollida e o contacto coa realidade, asúmense os cambios oportunos e indágase nas súas posibilidades e límites mostrando unha disposición positiva polo futuro. Dende esta riqueza de presente, imaxinamos un futuro exixente, pero á vez motivador e cheo de grandes oportunidades para o crecemento persoal e profesional dos alumnos. O noso desexo é que todos eles se convertan en cidadáns competentes, libres, críticos, autónomos, solidarios e responsables. Contemplamos, agradecemos e non esquecemos a nosa historia e esencia, os nosos avances, mais traballamos no tempo e o espazo propio, sen vivir no onte ou no mañá, situados no aquí e o agora.

Podemos afirmar que non sabemos como será o futuro e descoñecemos que tipo de traballadores precisará a sociedade do mañá, pero o que si sabemos son as competencias que deberán posuír os alumnos, as *soft skills* (habilidades brandas) que lle permitirán relacionarse mellor e desenvolverse á perfección ante as adversidades e exixencias que se lle presenten e deban superar: a capacidade para o traballo en equipo, a xestión eficaz do tempo e a información, o desenvolvemento do espírito crítico e a resolución de problemas a partir da toma de decisións, entre outras.

6.1. Educación Competencial

A escola debe promover a adquisición de competencias clave que permitan aos alumnos aplicar o aprendido en situacións reais e desenvolverse a nivel individual, social, académico e laboral ao longo de toda a vida. O noso Modelo aposta por unha aprendizaxe competencial e significativa que permita o desenvolvemento das capacidades, a asimilación de procedimentos e habilidades e a adquisición das actitudes e estratexias adecuadas ao contexto onde os alumnos crecen. Trátase de habilidades que se precisan para a súa realización persoal, así como para formar persoas preparadas para vivir e convivir nun mundo complexo co obxectivo de que poidan melloralo e facelo máis sostible e democrático. Preténdese que os alumnos aprendan contidos e desenvolvan competencias relacionadas co saber ser (valores e actitudes), o saber facer (habilidades) e o saber coñecer (coñecementos) ao favorecer a interacción coas demais persoas e co entorno.

Priorízanse aquelas competencias que apunten ao ser persoal e que beneficien a autonomía e a iniciativa persoal e o “aprender a aprender” (entendido como a capacidade de continuación da aprendizaxe cada vez de forma máis autónoma). Utilízanse ferramentas e metodoloxías que permitan traballar e avaliar por competencias dende a interdisciplinaridade, a aprendizaxe por descubrimento e a resolución de problemas para preparar o alumno a se enfrontar a situacións novas e relevantes.

6.1.1. Uso responsable da Tecnoloxía da Información e a Comunicación (TIC)

O rol do profesor nun contexto personalizado é guiar os estudantes nun ámbito colaborativo e interactivo, onde as tecnoloxías dixitais, os recursos online e os dispositivos móbiles utilízanse para deseñar un tipo de instrución flexible que apoie o crecemento de todos os alumnos. A competencia tecnolóxica e dixital abrangue o manexo da tecnoloxía, así como as cuestións éticas e cívicas que deben ser traballadas e transmitidas para integrar devandita competencia de forma eficaz e adecuada no proceso de ensinanza.

O uso didáctico da tecnoloxía nos nosos centros vén determinado polas posibilidades educativas que esta ofrece baixo criterios pedagóxicos claros. Potenciaranse o traballo responsable dos medios, a discriminación das fontes de información, o autocontrol e a non dependencia tecnolóxica, o respecto cara a outros usuarios, a exposición ao espazo público de internet a partir do coidado da intimidade e a privacidade: retos fundamentais para que os alumnos sexan tecnoloxicamente responsables.

A utilización das TIC como ferramentas informativas e comunicativas, propician o traballo colaborativo e participativo e constitúen un poderoso mecanismo de innovación e unha fonte de recursos e información que permite que o alumno poida xestionar tanto o contido como o proceso. A introdución de recursos ou dispositivos dixitais aumenta a motivación e unha intervención máis creativa do alumno, facilita a aprendizaxe relevante e a adaptación ás necesidades de cada alumno. Por isto, nas aulas, impulsárase o uso de dispositivos tecnolóxicos e as webs de editoriais, así como outros recursos que nos acheguen os nosos obxectivos. Ademais, potenciarase a participación do alumno en Entornos Virtuais de Aprendizaxe e en rede como magníficas ocasións para fomentar a aprendizaxe activa, interactiva e colaborativa, o intercambio entre estudantes de diferentes contextos e a extensión da aprendizaxe ao exterior a partir do incremento da utilización de canles de comunicación dende un proceso formativo personalizador.

6.2. Metodoloxías activas para aprender a aprender

“Se ensinamos aos nosos alumnos de hoxe, como ensinabamos aos alumnos de antonte, estarémoslle roubando o mañá”

John Dewey

Unha ensinanza e aprendizaxe personalizadas requiren da utilización de metodoloxías activas, operativas, participativas e cooperativas que proporcionen aprendizaxes máis duradeiras, profundas, significativas e transferibles. En primeiro lugar, cremos que o coñecemento e o diálogo continuo entre alumno e docente permiten coñecer as posibilidades que aquel posúe, descubrir como aprende e identificar os procesos que favorecen o seu desenvolvemento, transformando a aprendizaxe nunha actividade dinámica, auténtica e relevante para cada un dos alumnos. Por estas razóns seguiranse criterios e variables na selección metodolóxica de acordo con: os niveis dos

obxectivos cognitivos previstos (segundo a taxonomía de Bloom), a capacidade do método para propiciar aprendizaxes, o grao de control sobre o propio estudo que posúan os alumnos, o número de alumnos que participen na actividade, así como os recursos e espazos que son necesarios para o desenvolvemento das diferentes iniciativas. Non consiste en inventar novos procedementos senón en seleccionar aqueles que teñan unha base pedagóxica, que favorezan o labor na aula e faciliten o traballo do docente.

O profesor, como líder, abandona a pedagogía da repetición, substitúea pola pedagogía da imaxinación que consente que os alumnos aprendan a aprender fomentando a aprendizaxe autorregulada e o compromiso do alumno. O mestre planificará e deseñará experiencias e actividades de aprendizaxe coherentes cos resultados esperados unindo coñecementos, habilidades e actitudes, de maneira que cada un deles poida integralos, relacionalos e apicalos en diversas situacións e contextos cotiás, abrindo a aula ao mundo. Brindaranse oportunidades para que os estudantes poidan desenvolver as súas competencias cognitivas de nivel superior a partir de enfoques baseados na investigación, enmarcados en proxectos complexos e relevantes que requiran a implicación constante do alumno. A metodoloxía facilitará o desenvolvemento da autonomía, a argumentación, a colaboración e a busca de respostas por parte do alumnado, así como a potenciación da orixinalidade e o pensamento diverxente.

6.2.1. Técnicas Didácticas centradas no alumno e o desenvolvemento das competencias

Este Modelo entende a metodoloxía como un vehículo para chegar á aprendizaxe significativa e competencial, sen renunciar ao saber e os contidos. Cremos que non existe un método mellor ca outro, por iso a nosa preferencia é a combinación de opcións metodolóxicas que permitan experiencias deseñadas de forma contextualizada, sistemática e intencional. Desde a flexibilidade educativa, rexeitaranse metodoloxías didácticas únicas ou carentes de comprobación científica, así como o uso de recursos que poidan afastarnos da esencia e os propósitos de cada centro. A importancia da pluralidade e flexibilidade metodolóxica ao planificar e desenvolver o proceso de aprendizaxe-ensinanza defende a pretensión de atender a diversidade de alumnos, promover a curiosidade intelectual e a creatividade, reforzar e ampliar contidos curriculares e afianzar hábitos e destrezas sociais.

No proceso de aprendizaxe, o traballo individual e autónomo adquire unha importancia destacable como actividade para que as aprendizaxes se consoliden de maneira persoal. Este inclúe o estudo e a realización de tarefas prácticas. O traballo individual desenvolve os hábitos do esforzo persoal, a disciplina na planificación das propias actividades e permite materializar os intereses persoais dentro do contexto académico. Require do dominio das técnicas de estudo, da correcta organización da información e do ambiente adecuado para o estudo.

Nos nosos centros potenciaremos as clases expositivas de calidade que permitan presentar e complementar contidos, resolver dúbidas e potenciar o saber e a memorización (ao servizo da razón e non da mera reprodución mecánica de datos non asimilados nin integrados). Deberán ser sesións ben planificadas, que busquen a eficacia e a atención dos alumnos, onde se orixinen preguntas e se

suscite a reflexión. A exposición verbal poderá ser reforzada e complementada co apoio de recursos audiovisuais. Estas sesións combinaranse con metodoloxías didácticas que enfatizen o rol do alumno como protagonista da súa aprendizaxe, empoderándoo coma persoa e alumno, incentivando a reflexión e a crítica construtiva.

O noso Modelo apóiase na transformación e a combinación metodolóxica porque:

- Permite a incorporación de propostas xurdidas dende os intereses do alumno.
- Favorece o traballo e a avaliación competencial e multidisciplinar, ao conectar os temas curriculares cos problemas da vida real e os retos do século XXI.
- Posibilita a resposta multinivel.
- Favorece a incorporación das TIC.
- Fomenta o re-deseño dos lugares de aprendizaxe.
- Estimula a ensinanza multilingüe.
- Mellora o clima social da aula.
- Promove a participación das familias.

6.2.2. Aspectos fundamentais dalgunhas das metodoloxías activas utilizadas

6.2.2.1. Aprendizaxe Baseada en Proxectos (PBL)

A Aprendizaxe Baseada en Proxectos é un método de ensinanza contextualizada e con enfoque globalizador e interdisciplinar polo que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades sobre un tema de interese a partir da indagación ou a investigación contextual, creativa e compartida coa creación dun produto final. Permite aos alumnos formular preguntas en torno aos seus intereses, levar á práctica os seus coñecementos e desenvolver as súas capacidades para construír a súa propia aprendizaxe ao tomar decisións, resolver problemas e comunicar ideas. En todo o proceso os alumnos adquiren un papel activo e, xunto ao papel observador, facilitador e administrador dos docentes e doutros membros da Comunidade, reflexionan sobre o traballo que se vai realizando, sobre as actividades e as dificultades que deben superarse. O PBL impulsa un traballo de calidade e require dunha avaliación cualitativa de todo o proceso e do produto final.

6.2.2.2. Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP)

A Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP) desafía os estudantes a unha situación problemática relevante, que acostuma ser ficticia, a partir do uso de problemas deseñados, normalmente polo profesorado, como vías para adquirir e integrar novos coñecementos. Permite a aprendizaxe centrada no alumno e promove a integración dos saberes, poñer a proba a capacidade de razoar e aplicar o coñecemento para ser avaliado de acordo co nivel de aprendizaxe. O alumno, de forma individual ou en pequenos grupos, deberá resolver o problema, que pode abranguer disciplinas ou ámbitos curriculares distintos, ao seguir uns pasos establecidos. O mestre adquire un rol de guía, titor ou consultor do proceso a realizar.

6.2.2.3. Aprendizaxe Baseada en Retos (ABR)

A Aprendizaxe Baseada en Retos (ABR) é un enfoque pedagóxico que involucra o alumno nunha situación problemática aberta, real, significativa e relacionada co seu entorno e que debe resolver ao buscar unha solución específica e real. O estudante ou grupo determinará o reto que quere abordar e cando o consiga, poderá pasar a un novo reto de nivel superior. Esta metodoloxía permite que o estudante desenvolva un coñecemento máis profundo dos temas que está estudando, así como: habilidades relacionadas coa análise da información, a elección de diferentes posibilidades, actitudes relacionadas coa superación persoal continua, a capacidade para tomar riscos, a tolerancia á frustración ou a confianza nas propias capacidades. O docente acompaña o traballo dos alumnos desde o rol de facilitador e atendendo as inquedanzas e as preguntas que xurdan.

6.2.2.4. Aprendizaxe Cooperativa (AC): aprender a cooperar, cooperar para aprender

A Aprendizaxe Cooperativa permite cooperar para aprender e aprender a cooperar. Os alumnos traballan en grupos pequenos, estables e heteroxéneos, para conseguir metas comúns, axudándose e compartindo a partir do desenvolvemento de diferentes actividades. Poténciase a interdependencia positiva e as interaccións estimuladoras entre os membros dos grupos. Supón unha responsabilidade, individual e grupal, e coñecer e practicar as habilidades interpersonais e grupais. A avaliación continua permite valorar o funcionamento do grupo, se se están alcanzando as metas previstas, así como apreciar o esforzo e o traballo individual e grupal. O AC implica 3 ámbitos de intervención: a cohesión de grupo, o emprego de estruturas con carácter cooperativo e actividades para mostrar aos alumnos de forma explícita e sistemática como traballar en equipo (plans de equipo, dinámicas de grupo, etc.). O docente adquire o papel de facilitador e concede o papel protagonista ao alumno.

6.2.2.5. Traballo en Equipo

Nas aulas ofrécese a oportunidade de que o alumno traballe en grupo coa fin de lograr obxectivos mediante a realización de tarefas individuais e conxuntas. Motívase a interdependencia positiva entre os compoñentes e impúlsanse actitudes de apertura, como a curiosidade e o interese de comparar as ideas persoais coas de outros, dende a atención e o respecto. Este tipo de traballo ofrece oportunidades para que o alumnado se axude mutuamente, cree, discuta e chegue a solucións comúns desenvolvendo habilidades sociais e permitindo crear sentimentos de pertenza. Para garantir o logro das metas, o docente deberá realizar un seguimento periódico, facilitando que cada membro encontre o seu lugar no grupo. Non se trata de que todos os membros fagan todas as tarefas senón de que todos realicen tarefas relevantes e, polo tanto, se beneficien das aprendizaxes conseguidas. Para a avaliación da tarefa realizada haberá que establecer criterios oportunos para obter información sobre o nivel de actividade desenvolvida por cada membro e a calidade do produto final.

6.2.2.6. Aprendizaxe Baseada no Pensamento (TBL)

A Aprendizaxe Baseada no Pensamento é un método activo centrado no alumno. A través del, prodúcese unha fusión da ensinanza do pensamento crítico e creativo na instrución de contido do currículo, para traballar cos alumnos formas de pensamento superior como a toma de decisións, a comparación, o contraste, a predición, ademais de importantes rutinas de pensamento como escoitar con atención aos demais, expoñer os motivos para aceptar ou descartar ideas..., co propósito de reflexionar sobre os contidos que se están aprendendo. O mestre é o encargado de guiar e presentar obxectivos retadores aos estudantes para que estes sexan capaces de utilizar destrezas superiores de pensamento, aplicadas á aprendizaxe do contido, que poidan utilizar ao longo da vida ademais de guiar o seu propio pensamento con procedementos reflexivos.

6.2.2.7. Labs de Aprendizaxe

Os Labs son espazos de aprendizaxe relacionados con diferentes áreas onde o alumno desenvolve competencias no seu traballo integrado para lograr unha aprendizaxe activa e creativa. Baséase na realización de actividades próximas aos seus intereses que motivan a experimentación, a comprensión, a cooperación e a exercitación de recursos. A temática dos mesmos pode variar durante o curso, así como a organización. Nos Labs adquire gran relevancia a aprendizaxe personalizada xa que o alumno avanza e chega ao grao de desenvolvemento e profundidade que pode polas súas características, fortalecendo e ampliando as súas competencias en función das súas posibilidades, a súa motivación e os seus intereses. Son considerados Labs de aprendizaxe: a robótica, a expresión e o xogo dramático, as manualidades e storyteller, entre outros.

6.2.2.8. Proxectos de Aprendizaxe-Servizo

O principal obxectivo desta estratexia metodolóxica baséase na realización de experiencias que permiten identificar, no entorno próximo, situacións de risco ou necesidade e asumir un compromiso coa comunidade para satisfacer necesidades concretas. Para iso, conéctanse os problemas da comunidade co labor educativo que se realiza no centro, o que fomenta a responsabilidade social e cívica, así como os valores da solidariedade, o servizo e o esforzo para construír unha realidade e un mundo mellor, valores e actitudes pro-sociais, etc.

6.2.2.9. Outras metodoloxías a considerar

A continuación, preséntanse outras metodoloxías ou técnicas de aprendizaxe utilizadas tamén nas nosas aulas que permiten, de igual maneira ás anteriormente expostas, promover a aprendizaxe autónoma, activa e significativa, o aumento da participación e implicación do alumno na aula e un alto grao de personalización. Entre elas destacamos:



7. PROXECTOS QUE SE IMPLANTAN NOS CENTROS

7.1. Proxecto Lingüístico e Multilingüe

O Proxecto Lingüístico dos centros incorpora un modelo de aprendizaxe plurilingüe e pluricultural co obxectivo de coñecer diversas linguas e culturas, o que permite ao alumno desenvolverse socialmente e profesionalmente. O coñecemento de máis dunha lingua resulta fundamental na sociedade actual e por iso, o desenvolvemento das competencias lingüísticas na aula pasa a ser unha prioridade nos centros. Este traballo non fica restrinxido ao uso dunha única lingua nin a unha única área, senón que se potencia en diferentes espazos de aprendizaxe, opción que favorece a transferencia das aprendizaxes comunicativas a outras situacións semellantes.

Nos colexios hai unha apertura ao mundo a partir da aprendizaxe doutras linguas. Poténciase a capacidade comunicativa dos alumnos, facilitando que vivan experiencias orientadas ao uso adecuado e correcto da lingua na diversidade de modalidades, formatos e soportes nas que se poidan presentar. Ademais, cóntase, na medida do posible, coa axuda de auxiliares de conversación nativos, a utilización das TIC e doutros recursos que permiten ao alumno aprender en acción, principalmente, escoitando e falando.

7.2. A Educación Emocional

A educación emocional convértese nun eixo vertebrador da educación nos colexios. Poténciase unha aprendizaxe centrada en poñer en equilibrio a mente e o sentimento, o corazón e a cabeza, e en potenciar o desenvolvemento das competencias emocionais como elemento esencial do desenvolvemento integral de cada alumno. O traballo céntrase nun adecuado crecemento persoal no que se desenvolva a estabilidade emocional e que favoreza o despregue das habilidades adecuadas para o crecemento persoal e social dos estudantes e como ferramenta de prevención de conflitos individuais e interpersoais. Os estudantes aprenden a xestionar as súas emocións entendéndooas, tomando conciencia delas e dándolles resposta. Axudárase a cada estudante a se coñecer mellor a si mesmo e aos demais, expresar e controlar as súas emocións, ser tolerante, saber controlar os impulsos, xestionar o entusiasmo, etc. Na aula cultivárase a creación de espazos que favorezan a comunicación e a convivencia, a axuda mutua, a expresión de puntos de vista diferentes, a empatía e a solidariedade.

7.3. Proposta Pastoral

7.3.1. Educación no sentido da Vida: Ed. na Fe–Ed. da Interioridade–Ed. para o Desenvolvemento Humano

A misión da Compañía de María é ofrecer unha educación humanista-cristiá que incida na formación de toda a persoa e no seu compromiso para mellorar a sociedade. É, polo tanto, unha educación evanxelizadora, integral e transformadora que prioriza:

- O anuncio de Xesús de Nazaret como camiño de realización humana e presenta a María Nosa Señora e a Xoana de Lestonnac como modelos do seu seguimento e compañeiras de camiño.
- O sentido comunitario, respaldado por unha Comunidade Educativa comprometida, que propicie o despertar relixioso, o encontro con Deus, a vivencia dos valores evanxélicos, a celebración da fe.
- O compromiso coa formación dunha identidade cosmopolita e global que impulse a cada persoa a loitar polas grandes causas da humanidade: os dereitos humanos e dos pobos, o coidado do planeta, a xusticia e a paz, os avances da ciencia e a tecnoloxía ao alcance e servizo dos máis pobres.

Estas prioridades vívense dende os trazos da espiritualidade da Compañía que agroman da experiencia de Xoana de Lestonnac e da súa vivencia dos Exercicios Espirituais de San Ignacio de Loyola.

Entre estes trazos está a relación persoal co Señor, o discernimento para buscar e encontrar a Deus na vida, a mirada positiva e comprometida coa realidade, o sentido de misión: tender a man, o ser contemplativos na acción e seguir a Xesús con outros e outras, en Igrexa, colaborando na construción do Reino de Deus. Non son trazos illados senón interrelacionados, que configuran un modo de ser e estar na vida como seguidores de Xesús e apóstolos.

O anterior concrétese, ademais de na acción e o clima educativo cotiá, nun conxunto de iniciativas, desenvolvidas dentro de cada Centro, que buscan axudar a acoller, coidar e compartir a chama do trascendente que brila en cada persoa e move a saír do propio interese para amar e servir a outros e construír así un mundo máis digno para todos.

Algunhas destas propostas:

- Xornadas de formación humano-cristiás.

- Integración da educación da interioridade e a educación para o desenvolvemento humano dentro das programacións didácticas a partir de actividades, talleres e sesións específicas.
- Actividades de acción tutorial e acompañamento persoal.
- Vida Litúrxica e Sacramental: Celebración da vida da Comunidade Educativa á luz dos tempos litúrxicos, a vida sacramental da Igrexa e a devoción a María.
- Festas propias e significativas da Compañía de María: tradicións e celebracións relixiosas que fortalecen a identidade ODN.
- Formación en Identidade Compañía de María: Conferencias, xornadas e talleres encamiñados a dar a coñecer o Proxecto Educativo da Compañía de María.
- Campañas de solidariedade: actividades de sensibilización, axuda humanitaria a grupos vulnerables da Comunidade Educativa ou de fóra da mesma ante necesidades específicas identificadas.

O ámbito extraescolar convértese nun espazo privilexiado e complementario de acompañamento no crecemento na Fe dos nenos, os adolescentes e os mozos a través do seguimento persoal e grupal, mediante dinámicas e propostas diversas. Entre elas:

- Catequese: Clases e/ou espazos extra-escolares dirixidos a estudantes coa intención de promover o seu crecemento como cristiáns e a súa preparación para os sacramentos de iniciación.
- Grupos Lestonnac/Novo Amanecer: orientados á formación de pequenas comunidades cristiás que, inspiradas pola espiritualidade da Compañía de María, promoven o discernimento persoal do propio proxecto de vida e desenvolven accións apostólicas acordes coa súa idade e capacidades.
- Arte, Humanismo e Espiritualidade: espazos e actividades dirixidas a alumnos e Antigos Alumnos dos nosos Centros Escolares e a outros mozos interesados en profundizar e vivir segundo a espiritualidade da Compañía de María.
- Exercicios Espirituais Ignacianos: retiros e/ou Exercicios baseados na metodoloxía dos Exercicios de Ignacio de Loyola e dirixidos a estudantes, docentes, persoal administrativo e pais e nais de alumnos.
- Acompañamento Espiritual: orientación espiritual ofrecida a estudantes, docentes e persoal administrativo e de servizo dos centros.
- Escola de Pais: capacitación ofrecida aos pais, nais ou tutores dos alumnos na liña do Proxecto Educativo da Compañía de María.
- Voluntariado e Misións: Experiencias de traballo comunitario de carácter voluntario en contextos urbanos e rurais.

7.4. Emprendemento e Presenza Social

Enténdese o emprendemento como unha actitude ante a vida que require dunhas habilidades e coñecementos para afrontar de forma positiva o futuro. Os nosos centros educativos favorecen a aprendizaxe de habilidades superiores do pensamento que permiten o desenvolvemento da actitude emprendedora a través do currículo e de proxectos e actividades, con tratamento

transversal, a partir de aprendizaxes reais e de servizo vinculados á realidade. Por medio de diferentes materias e propostas poténciase que o alumno participe en iniciativas que fortalezan habilidades para o éxito (como a autonomía persoal, o liderado, a innovación e as habilidades empresariais) e que lles axude a desenvolver o seu talento favorecendo actitudes como a empatía e o optimismo, a aceptación do fracaso como unha fonte de experiencia, e destrezas como a formulación de hipótese, a busca de solucións creativas, a capacidade de liderado, a asertividade, etc. Os estudantes aprenden a se implicar e a se atrever a pensar de maneira diferencial para aportar propostas e solucións propias e poñer en marcha proxectos persoais e grupais que favorezan a mellora e o ben común.



As condicións que se han de cumprir para que o Proxecto Educativo saiba salvagardar hoxe, a través do Modelo Pedagóxico, a orixinalidade da que deu proba Santa Xoana contense en poucas palabras: “Acórdate “, pois unha historia de máis de catro séculos ten segredos que non se poden tratar con lixeireza. E “busca no teu tesouro” para achar ademais do de sempre, antigo, o que chega a ser novo cada día, na louzanía dunha relación verdadeiramente educativa.

“Fai isto...e vivirás...”²²

²² Cf. Un camino de educación. Juana de Lestonnac 1556-1640. Françoise Soury- Lavergne. 1984, p. 350